

**ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACION O DIA 25
DE SETEMBRO DE 2015**

Asistentes

SR. ALCALDE:

FRANCISCO GARCÍA SUÁREZ

CONCELLEIROS:

Polo BNG:

MARIA CRISTINA CID FERNÁNDEZ
BERNARDO VARELA LÓPEZ
MARIA ELENA SUÁREZ ESTEVEZ
MARIA TERESA DEVESA GRAÑA
ALBERTO CONDE RODRÍGUEZ
MARIA ISABEL POISA REY
FRANCISCO ALEJANDRO PIÑEIRO
RODRÍGUEZ

Polo PP:

LUZ DOPORTO REAL
JOSÉ DANIEL RODICIO PÉREZ
MARIA DEL CARMEN PÉREZ GONZÁLEZ

Polo PSdeG-PSOE:

ZAIDA AUXILIADORA RODRIGUEZ CAMBA

SECRETARIO:

Don Maximino Jardón Pedras

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Allariz, cando son as VINTE HORAS (20:00) do día VINTECINCO de setembro do DOUS MIL QUINCE, previamente convocados, reuníronse os Sres. Concelleiros á marxe relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Francisco García Suárez, a fin de celebrar unha sesión ordinaria polo Pleno da Corporación.

Sen incidencias.

Non asistiu á sesión o concelleiro do BNG MANUEL CID PÉREZ, quen previamente xustificou a súa ausencia.

O Sr. Alcalde abriu formalmente a sesión do Pleno para tratar o seguintes asuntos:

ORDE DO DIA

1. **ACTAS.- Aprobación, se procede, do borrador acta da sesión anterior.**
2. **Resolucións adoptadas pola alcaldía desde a última sesión.- Dar conta.**
3. **CONTA XERAL 2014. Aprobación definitiva, se procede.**
4. **Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de celebración de vodas civís.- Aprobación inicial, se procede.**
5. **Regulamento do réxime interno do obradoiro de emprego "Reserva da Biosfera I".- Aprobación inicial, se procede.**
6. **Protocolo contra a violencia de xénero.- Aprobación, se procede.**
7. **Contrato de aluguer de parcelas con opción de compra no Parque empresarial de Chorente (Expte. B2012.03).- Toma de razón da opción de compra efectuada pola empresa adxudicataria do contrato: Misturas Obras e Proxectos, S.A.**
8. **Moción do BNG por unha acollida digna ás persoas refuxiadas e polo fin das guerras imperialistas de USA e UE.**
9. **Moción do PP sobre a rebaixa do IBI nas parcelas en solo urbanizable.**
10. **Rogos e Preguntas.**

---***---

1. **ACTAS.- Aprobación, se procede, do borrador acta da sesión anterior.**

Quedou aprobado, sen modificación algunha, pola unanimidade dos once concelleiros presentes na sesión no momento da votación, dos trece que legalmente integran esta corporación local.

- 2.- **Resolucións adoptadas pola alcaldía desde a última sesión.- Dar conta.**

Están a disposición dos grupos políticos no Libro de Decretos na secretaría, sinala o Alcalde.

- 3.- **CONTA XERAL 2014. Aprobación definitiva, se procede.**

Deu conta o Alcalde sinalando que a conta xeral, dictaminada favorablemente pola comisión especial de contas e que conta co informe favorable da Secretaría-Intervención, contén un resultado orzamentario de 504.739 euros o cal supón que se materializaron uns ingresos anuais de 5.235.141 euros e uns gastos de 4.730.401 euros. Ao seu modo de ver a evolución da conta xeral é positiva, como se aprecia na liquidación do estado de ingresos, dos que ofreceu unha información detallada por capítulos, superándose amplamente as previsións no capítulo I (IBI, IAE, IVTM), de 1.672.000 euros recaudados fronte a unhas previsións de 1.494.000; no capítulo II, a previsión era de 50.000 euros e recaudáronse algo mais de 34.000 euros, se ben houbo unha

devolución de 30.000 euros por feitos impositivos (licencias de obras) non realizados; no capítulo III, de taxas, prezos públicos e outros ingresos, sobre unha previsión de 1.502.300 euros materializáronse ingresos por importe de 1.552.842 euros; no capítulo IV, de transferencias correntes, cunha previsión de 1.701.000 euros, hai uns dereitos recoñecidos netos de 1.634.893; no capítulo V, a previsión era de 156.000 euros, ingresáronse 245.135 euros; no capítulo VI, pola venda de parcelas, a previsión era de 225.000 euros e ingresáronse 45.000 euros, pola venda dunha parcela; no capítulo VII, a previsión era de 255.582 euros e houbo ingresos por importe de 91.167 euros e, por último, no capítulo 8, de pasivos financeiros, cunha previsión de 20.000 euros, os ingresos foron de 1.837 euros. En definitiva, 5.403.882 euros de previsións hai uns dereitos recoñecidos netos de 5.277.770 euros e polo tanto, cunha desviación inferior ao 3 por 100 sobre as previsións orzamentarias. Destaca o Alcalde que se teñen uns dereitos recoñecidos netos por operacións correntes que están por enriba dos 5 millóns de euros, concretamente, 5.097.135 euros, fronte a uns gastos ordinarios 3.913.743, é dicir, que hai un superavit de 1.183.392 euros.

No estado de gastos, as previsións tamén se executaron de xeito importante, sinala. Así, no capítulo 1, de gastos de persoal, sobre unha previsión definitiva de 1.990.000 euros hai un gasto de 1.979.000 euros; no capítulo 2, de gastos correntes, sobre unha previsión de 1.951.500 euros hai un gasto de 1.616.319 euros, cun importante aforro; no capítulo 3, de gastos financeiros, sobre unha previsión de 295.000 euros, o gasto foi de 289.000 euros; no capítulo 4, de transferencias correntes, 31.000 euros e un gasto de 28.000 euros; en inversións, capítulo 6, cunha previsión de 504.718 euros, executáronse 488.590 euros, é dicir, que solamente non se investiron 16.128 euros; por último, amortizouse débeda, capítulo 9, cunha previsión de 332.000 euros, executáronse 330.066 euros. En definitiva, sobre unha previsión total de gasto de 5.103.882 euros, fíxose unha execución de gastos por importe de 4.730.401 euros, no que o principal aforro corresponde ao capítulo 2 de gasto corrente.

Recoñece o Alcalde que lle preocupa a débeda que ten o concello, que estaba a finais do exercicio en 4.487.451 euros, a longo prazo, e sumándolle as pólizas de crédito estaría en 5.534.451 euros. Esta débeda, parte das pólizas, xa foron pagadas, estando neste momento formalizadas con Abanca por 625.000 euros e 362.000 euros co Banco Pastor.

Conclúe o Alcalde sinalando que a principal circunstancia que hai que afrontar é o remanente negativo de tesourería, debido fundamentalmente aos saldos de dubidoso cobro que agora hai que minorar. O Concello tiña a 31 de decembro 125.679 euros nas contas bancarias municipais, uns dereitos de cobro pendentes de 2.066.035 euros; obrigas pendentes de pago (pólizas de crédito incluídas) por valor de 1.692.731 euros, esto nos daría un remanente favorable de 498.983 euros, pero como se deron de baixa dereitos pendentes de cobro de mais dun millón de euros, os saldos de dubidoso cobro ascenden a 1.802.000 euros o que deixa un remanente negativo de tesourería de 509.218,43 euros. A posición do grupo de goberno a este respecto é a de aprobar o orzamento xeral do ano 2016 cun superavit por idéntica cuantía, tal como permite a normativa vixente, para cubrir iste remanente negativo de tesourería.

En definitiva, para o grupo de goberno a conta xeral do exercicio 2014 respondeu ás previsións que se tiñan establecido, permitiu tamén afrontar un esforzo importante en materia de investimentos para dar cobertura, entre outras, á necesidades no ámbito do novo coléxio infantil, na piscina climatizada e tamén melloras en materia de infraestrutura e servizos nas parroquias, todo elo por importe próximo ao medio millón de euros. Agora, trala aprobación, remitirase ao Consello de Contas para a correspondente fiscalización, por eso o BNG vai votar favorablemente.

Polo Grupo Popular, a súa portavoz, Luz Doporto Real, coincide co Alcalde na valoración que facía da liquidación do estado de ingresos como positiva; efectivamente é positiva porque os

veciños de Allariz, sinala, son moi respetuosos coa fiscalidade municipal e, por mais que lles suban os impostos, sempre pagan. Sen embargo, execución do orzamento da que deu conta o Alcalde non serve para explicar a realidade das contas do concello, simplemente -sinala a portavoz- non describe a execución do orzamento que se circunscribe ao exercicio correspondente, nada mais. Pero o problema económico no que está sumido o concello de Allariz fai anos que se ven arrastrando e está amplamente debatido e convén reparar na comparativa da evolución dos últimos cinco anos sobre cómo vai a xestión da débeda do concello.

O Alcalde, sinala, fala de inversións e sabe perfectamente que a capacidade que ten o concello para invertir é practicamente nula; a débeda por habitante, así se ten publicado en prensa, é de 895 euros/habitante, no ano 2014, e a inversión por habitante é de 79,68 euros/habitante. Ese é un dato demoledor. No ano 2010, a débeda por habitante era de 413 euros, é certo, reconece, que se incrementou a débeda polos dous rescates aos que se acolleu o concello no 2012 e no 2013 promovidos polo Goberno de España para pagar as facturas que estiveran agochadas no caixón e que Allariz negou durante anos que tivera facturas agochas no caixón e as tiña, e non se pode negar, sinala, cando o certo é que a luz estaba sen pagar desde o ano 2009, 2010 e 2011, negar isto é unha "desfachatez", afirma, cando fomos a casi catro millóns de euros de préstamos para pagar esas facturas. Eso non estaba recoñecido na contabilidade e hoxe está pasando exactamente o mesmo e eso non se pode negar porque as mentiras tarde ou cedo saen á luz. De feito, non se está pagando a luz de novo, afirma. Allariz ten un problema moi grande, sinala. O Alcalde dí que hai cinco millóns de ingresos efectivos, pero aínda así nos vemos negros para pagar os préstamos. Os pagos por este concepto ascenden a 619.000 euros/ano, entre capital e intereses, que é unha cantidade francamente desorbitada para o concello e para a situación económica que arrastra. O grupo de goberno é incapaz de facer ningunha política de redución de gasto, de reconducir a situación. Cando negan que non hai facturas agochadas cómo explican entón que a luz da piscina e da cidade deportiva que teñen unha previsión de gasto de 30.000 euros, quedan recoñecidos 6.000 euros na contabilidade sen pagar, ¿e os restantes? Explica: o gasto da piscina e da cidade deportiva que está nas contas está en torno a 25.000 euros (ano 2010, 25.000 euros; no 2011, 21.000 euros; no 2012, incrementouse notablemente porque saíron as facturas de Fenosa que estaban agochadas no caixón, estaban sen recoñecer na contabilidade; no ano 2013, 23.000 euros; e agora, no 2014, ¿son 6.000?, pregunta a concelleira, ¿e nin siquera se pagan os seis mil?) é dicir, que non pagaron absolutamente nada desa luz. Como non se dan as contas a concepto non se sabe cá é o gasto de luz en alumeadado público, en edificios municipais e demais, pero no groso, non separándose a cidade deportiva e a piscina, vese que non se paga a luz de novo, porque a previsión de gasto que se tiña para o ano 2014 era de 335.000 euros e pagáronse 88.000 euros, ¿e o resto?. Non queda nada pendente como recoñecido. Que non se intente facer creer que non hai facturas no caixón, que non están na contabilidade é un feito, afirma.

En gasto corrente, cando o concello tiña orzamentos de casi 10 millóns de euros, o gasto corrente anual viña sendo de un millón seiscentos mil euros (1.610.000, no 2010; 1.700.000, no 2011; disparouse no ano 2012 polos préstamos que se pediron, e tamén no 2013, que foi a 2.195.000, e volve no ano 2014 a estabilizarse en torno a 1.600.000 euros). ¿Temos os mesmos gastos coa metade de orzamento?, pregúntase a concelleira. Algo non se está xestionando ben, afirma. Nos gastos de persoal o mesmo. É certo que se baixou un pouco porque se reduciron as xornadas laborais, pero estamos na mesma situación, porque estamos nos dous millóns de euros, fáganse ou non obras, que se xestionen dez millóns de euros ou se executen cinco. Isto reflicte que non se está facendo unha política real que nos permita reducir o endebedamento do concello, que permita recuperar a capacidade inversora do concello, recuperar a calidade de vida que lles damos aos veciños, porque cada día se lles da menos servizos ou servizos mais deficitarios, porque a luz apágase e se a que queda encendida non se paga, é unha evidencia, sinala. A realidade é a que é: as inversións, como reconece o Alcalde, foron 487.000 euros, mentras que no 2010 foron 3.490.000 euros. Pero tampouco se pode facer outra cousa, porque o concello está

completamente paralizado pola débeda que ten e que se vai seguir incrementando, porque a conta estase pechando cun remanente negativo de 500.000 euros que vai obligar a aprobar o orzamento do ano seguinte cun superavit por igual cantidade. O que está salvando a situación son os ingresos, é dicir, os veciños. No ano 2010, ingresábanse de impostos e taxas 2.521.000 euros e no ano 2014, ingresáronse 3.214.000 euros; no ano 2013, ingresáronse 3.088.000 euros, e non se pode dicir que se baixaron os tipos impositivos porque, sendo eso así, por outra parte subíronse os valores catastrais, porque en Allariz non se fixo mais obra, non hai inversión exterior. Esta é a realidade, sinala. A continuación presenta un gráfico representativo da evolución do IBI entre o 2010 e o 2014 que, segundo a concelleira, supón un incremento máximo para os veciños para poder afrontar a débeda do concello; o orzamento claro que se executa, como sinala o Alcalde, pero unha cousa é executar os orzamentos e outra distinta é pagar o que se fai, e Allariz non paga, sinala a concelleira, ese é o problema. Ésta é a dinámica que o grupo de goberno non quere cambiar.

Houbo e hai ocasión de botar o freno, sinala a concelleira, porque aínda fai uns meses que os veciños lles acaban de refrendar a súa confianza, pero todo ten un límite. Non se pode seguir presionando fiscalmente aos veciños, mentras segue habendo as mesmas adicacións exclusivas. O remanente de tesourería desde o ano 2010 é negativo e vaíse acumulando ano tras ano, salvo no ano 2012 que foi cando se pediron os rescates do goberno, pero nos anos 2013 e 2014 vólvese aos datos negativos, esa é a realidade que ten o concello. E non se pode dicir que no concello nunca houbo facturas agochadas no caixón porque non é así, proba delo é que se pediu un préstamo para pagalas, porque os reais decretos que regulaban os rescates eran precisamente para pagar esas débedas porque non estaban recoñecidas en contabilidade o cal é o mesmo que dicir que estaban no caixón, porque o que non está recoñecido na contabilidade, a priori non existe. É dicir, os órganos fiscalizadores da Xunta de Galicia e do Estado non o poden ver porque non existe. Eso é o que nos pasou e nos volve pasar coas facturas de Fenosa, sinala. E non se pode dicir que hai unha previsión de gasto de 30.000 euros de luz na piscina e na cidade deportiva, dos que quedan pendentes de pago 6.000 euros, porque non se pagou absolutamente nada, ¿e o resto? ¿Qué pasa, que se inflan os orzamentos? O Alcalde, sinala a portavoz, afirma que para o ano que ven, os orzamentos vanse aprobar con superavit, o cal é conforme, pero xa se sabe de dónde vai saír o superavit: vai poñer inversións que presuntamente se financian con vendas de parcelas, p.ex. 500.000 euros, así se fixo durante anos, logo a realidade demostra que non se poden vender ou se vende un número moi inferior, o cal significa que non son previsións realistas, e con isto tápase e arrástrase a débeda e o déficit ata que chegará un momento en que se volva á situación do ano 2012, que nos levou a ter sin pagar a luz dos anos 2009, 2010 e 2011. E agora mesmo probablemente esté sen pagar a dos anos 2012, 2013 e 2014 e algún día volverá a saberse, afirma. [Niste intre o Alcalde interrompe a intervención da concelleira para rogarlle que se ciña á súa intervención (a concelleira replica que se está ceñindo) e que deixe que os demais fagan os xestos que consideren porque a están respetando na súa intervención, e polo tanto pídlle que sexa tamén respetuosa con esta corporación (replica a concelleira que non lle faltou a ninguén). O Alcalde afirma que a portavoz estase referindo a cuestións que non teñen que ver, en relación a xestos a persoas que están eiquí escoitando atentamente, se hai alguén que a interrompe ou se alguén fai algo que a interrompe correspóndelle a él como Presidente chamarlle a atención, pídlle que se limite a facer a súa intervención con todos os argumentos que considere, pero deixe de estar permanentemente sálvandolle a vida a todos os demais porque todos a están escoitando atentamente. A expresión que cada ún exprese na súa cara son expresións que cada ún pode facer sen faltarlle para nada ao respecto, e ninguén lle está faltando. Reitera que él modera a sesión, que como Presidente da Coporación ten esa facultade. E se alguén lle chama a atención ou a interrompe él se encargará mesmo de expulsalo da sesión para que a portavoz poda facer a súa intervención, pero pídlle que deixe de provocar ao resto dos concelleiros que están escoitando a súa intervención aínda que non compartan as súas razóns]. Considera a concelleira que non ten por qué aguantarlle filípica de ningún tipo (O Alcalde aclara que non é ningunha filípica senón que lle corresponde a él moderar a sesión). A concelleira

recorda que o único que estaba a facer era unha exposición sobre a realidade das contas guste ou non (sobre eso o Alcalde non lle fixo ningunha observación, sinala, e pídelle que non faga alusións en relación ao comportamento doutros membros da corporación mentras non lle interrompan ou impidan que faga uso da súa palabra. Polo tanto, pode dicir sobre a conta xeral o que considere non sobre os xestos do Alcalde ou dos concelleiros porque non lle están faltando ao respecto en absoluto).

Con respecto a isto, continúa a concelleira, e sinala que as faltas de respecto cada ún as sinte e interpreta, veñan do medio que veñan, segundo os seus criterios e os seus valores e a veces as faltas de respecto son tan importantes as verbais...(O Alcalde insiste que ninguén lle faltou ao respecto, polo contrario, considera que é a concelleira quen está reparando en se os concelleiros lle fan xestos ou non, mentras él considera que ninguén lle está a facer xestos que lle impidan á concelleira expresarse con absoluta liberdade e indicar o que considere sobre a conta e polo tanto só a eso se ten que ceñir).

A conta é o que é, o resultado da conta é o que é, sinala a portavoz, e o Alcalde como Presidente o ten que asumir, e non é necesario alterarse da maneira como se se está alterando nin facendo ameazas veladas de ningún tipo. (O Alcalde afirma que non lle está facendo ningunha ameaza nin se está alterando o único que dí é que a concelleira argumente sobre a conta e non sobre ningunha outra circunstancia de comportamento dos membros da corporación porque ninguén lle está faltando ao respecto). Reitera a concelleira que ela limitouse a dicir que houbo facturas no caixón e a reacción foi a que se produciu neste pleno, neste momento, e o único que pide é que, por respecto ós alaricanos que representa, non se rían cando se dí o que está pasando no concello e cá é a situación e que o grupo de goberno coñece ben.

Polo Grupo do PSdeG-PSOE, a súa concelleira, Zaida Auxiliadora Rodríguez Camba, non fai uso do seu turno de intervención.

Intervén a continuación o Sr. Alcalde para sinalar que o da ficción ou realidade é un debate interesante pero se alguén é capaz de pensar que un concello debe a luz do ano 2012, 2013, 2014 e a actual, vive a inopia (pregunta a portavoz do Partido Popular se eso non é un insulto), o Alcalde aclara que eso significa descoñecer a realidade e pide que non o interrompa cando él está no uso da palabra (que argumente sen insultar, pide a portavoz). O Alcalde replica que él a escoitou respetuosamente a pesar de recibir acusacións de mentirosos e reitera que vivir na inopia é descoñecer a realidade porque hoxe en día o concello ten pagada a luz incluída a mensualidade de xuño 2015 e non se deben facturas pola luz anteriores a este mes e polo tanto ésa é unha realidade, mesmo a concelleira pode pedir a facturación de Fenosa, pode ver as facturas no concello e pode ver os pagos, non hai nada que ocultar con respecto a esta cuestión.

Con respecto ao plan de pago a provedores e sobre as facturas no caixón, e sobre o que se entende por tal, eran encargos que se facían sen que houbera consignación orzamentaria, sen que estiveran na contabilidade, todas as nosas facturas que se pagaron estaban na contabilidade municipal, tiñan aplicación municipal. Hoxe, a conta que se presenta, ten unha cantidade que pon dereitos pendentes de cobro a 31 de decembro e fala de 685 mil euros indicando en cada caso a qué corresponde, cunhas obrigas pendentes de pago a 31 de decembro de 528 mil euros, mentras había 686 mil euros pendentes de cobro. Eso é o que dí a conta xeral, e non hai facturas ocultas en ningún outro sitio, obviamente as da luz non. Sobre o dato ao que alude a concelleira en relación á Cidade Deportiva descoñece se se asentaron ou non nesta partida pero afirma que coa empresa Unión Fenosa non hai neste intre facturas pendentes mais alá do mes de xuño, e estase debatindo con eles en relación á facturación que treñen de tanto alzado que o concello considera que non é correcta e a empresa tennos devolto cantidades importantes por reclamacións

municipais por outros conceptos, é dicir, que a relación con esta empresa non é precisamente para estarlle a deber importes por facturación eléctrica.

En relación á débeda, como noutras ocasións ten sinalado, que unha familia que non teña débedas non é mais rica que unha familia que as teña, dependerá do marxe que lle permitan os ingresos ordinarios e os gastos ordinarios. O concello tivo ingresos ordinarios por importe de 5.097.135 e tivo uns gastos ordinarios de 3.913.743 euros. Se unha familia ten mais ingresos ordinarios que gastos ordinarios é solvente, pois ben, o concello, cada ano, ten 1.183.392 euros que se poden adicar a inversión ou a amortizar débeda que é o que se está facendo, sinala. Pero no nivel de riqueza tamén se conta ter ou non patrimonio, e o concello, se ben ten débeda pública, tamén ten patrimonio: 50.000 m2 de solo en Chorente para vender, unha rede de equipamentos, un patrimonio en concesión (fábrica dos Nogueiras, restaurante Vilanova, A Fábrica, Acea da Costa, é dicir, todos os que agora teñen unha plaquiña que os identifica como patrimonio municipal, que son indicativas de que o patrimonio municipal é moi importante. En definitiva, considera que o concello é capaz de amortizar esta débeda en dez anos entre outros motivos porque xa non hai necesidade de facer un esforzo grande en inversións porque xa se fixo, por eso moita xente se ten asentado en Allariz, polo nivel de equipamentos que ten. ¿Por qué se apagan luces?, pregunta o Alcalde, polo prezo da luz tan excesivo que ten, que podería calificarse de atraco, ésta é a razón. E polo tanto é preferible reducir consumo de luz que reducir outros servizos que son mais importantes nas áreas de servizos sociais, cultura, educación e deportes.

Sobre o importe do IBI explica que unha parte importante é debido ao incremento do padrón municipal porque empezou a tributar a construción que houbo en Allariz nestes últimos anos; pero tamén porque o Goberno do Estado, en vez de dar mais fondos aos concellos, o que fixo foi incrementar o IBI, subindo o tipo mínimo de gravamen e os valores catastrais sen facer unha revisión catastral. O concello ten mais solvencia por ter mais ingresos ordinarios que gastos ordinarios, por ter unha capacidade patrimonial moi importante, e tamén porque, ao contraio do que lle sucede á Comunidade Autónoma que cada ano aumenta a súa débeda, o concello redúcea. Admite que ten preocupación por poñer a situación financeira municipal en termos razoables, pero pola en termos razoables non é despedir persoal como fixeron outros concellos, porque a Xunta deixou de financiarnos practicamente medio millón de euros para gasto ordinario de persoal: a oficina de rehabilitación tiña 60 mil euros de financiación e agora non ten ningunha, o plan concertado exactamente igual, o axente de desenvolvemento local tamén, o Grumir desapareceu...o concello pudo despedir os 12 traballadores do Grumir como fixeron outros concellos, sen embargo preferiuse facer o esforzo de manter a plantilla municipal. Sobre a presión fiscal pide que se compare coa doutros concellos. Sobre o IBI admite, como xa ten feito noutras ocasións – recorda- os incrementos acordados, como tamén os valores catastrais porque a ponencia databa do ano 1999 o cal representa un período de vixencia moi importante que xustifica a actualización.

Entende que a conta xeral é unha conta que reflexa a nosa realidade que, tendo un 1.183.000 euros de mais ingresos que gastos ao longo do ano, se non se teñen que facer grandes inversións, mesmo con investimentos anuais de 400 mil euros por ano, permitirá pagar a débeda que ten o concello sen ningún tipo de problema e ao mesmo tempo sen afectar a outro tipo de criterios nin aos servizos municipais. Reitera que non se deben facturas de Fenosa nin outro tipo de facturas, as que se debían entón son as que figuran na conta como pendentes de pago a 31 de decembro, que recolle incluso gastos de persoal pagados en xaneiro; os restantes, a parte mais importante eran do capítulo 2 por gastos de Sogama e tamén con Fenosa porque se estaba en plena clarificación da facturación por cobros de reactiva e tamén pola inspección tributaria polo 1,5% da taxa pola ocupación do dominio público, pero como se ve, o que se ten como pendente de pago é o que está ahí, non se lle debe ningunha outra cousa a ninguén, afirma. O gran cambio que se ten producido na débeda é que antes se debía a provedores reflectido en facturas e debíase moito menos aos bancos, o Estado entendeu que había que pagar aos provedores, o cal está ben -admite- permitíndose converter aquela débeda en débeda aos bancos polos dous

préstamos solicitados, esa é a realidade que ten o concello de Allariz. Admite que a débeda é importante pero entende que está controlada e vaise reducindo a bancaria a corto prazo a razón de 300 mil euros anuais; acepta que se non se tivera esta débeda esta cantidade podería destinarse para outros fins pero tamén é certo, sinala, que as melloras en investimentos e instalacións que había que facer xa se fixeron cando se tiñan que facer e se podía. Isto é o que reflicte a conta, así como o alto grao de execución, e particularmente o gasto en inversión, algo do que moitos concellos non poden presumir, sinala o Alcalde. Considera que se pode ver cáles eran as previsións e cál o grao de execución o cal é un exercicio de transparencia. Reitera, para terminar, que non hai facturas no caixón, e concretamente, con Unión Fenosa estase ao corrente ata a facturación o mes de xuño incluído, conclúe.

No turno de réplica, a Portavoz do Grupo Popular, Luz Doporto Real, cita supostos contretos: partida 165.221, de subministro de enerxía eléctrica, previsión inicial 375.000 euros, minóranse 40.000 euros, crédito definitivo, 335.000 euros, obrigas recoñecidas netas, 144.000 euros, páganse 88.000 euros e quedan pendentes de pago 56.679 euros, queda un remanente de 190.000 euros; a cidade deportiva (admite que nunha conta tan grande pode haber algún tipo de erro ou algunha cousa mal contabilizada en un momento dado) pero na partida 342.221 hai unha previsión de 30.000 euros, obrigas recoñecidas netas de 6.000 euros, pagos 0, e pendente de pago a 31 de decembro, 6.000 euros, ¿por qué se presupostan trinta mil de gasto se soamente se gastan seis mil?, pregunta a concelleira. Se non quedan as obrigas recoñecidas na conta eso é o mesmo que estar no caixón. E, xa que o mesmo Alcalde está disposto, pide ao Sr. Secretario que faga un informe de todas as facturas de Fenosa que se pagaron polos Reais Decretos 4/2012 e 8/2013 (plans de pagos a provedores) que non estiveran recoñecidas en contabilidade porque cree que é certo. Sobre unha afirmación que fixera en campaña que se debían sete millóns de euros, o ratifica, e quedouse corta, porque a campaña foi antes de xuño, a conta que se tiña daquela era a do 2013 pero a do 2014 proba que se deben cinco millóns, concretamente cinco millóns catrocentos mil euros de préstamos, a finais do 2014. Pero tamén é verdade, segundo proba o remanente de tesourería que tiñamos pendente de pago 1.692.000 euros, co cal xa se pasa dos sete millóns de euros, eso non o inventa o Partido Popular, porque está na conta, sinala. [Interrumpe o Alcalde para aclarar de qué se fala: as obrigas pendentes de pago, os 1.692.000 euros, ten unha aplicación que pón: operacións non presupostarias, con 1.253.000 euros, que reflicten as pólizas de crédito, co cal estaríase contando a débeda bancaria 2 veces). A portavoz admite que é así pero pide que se sume o resto, os 600.000 euros restantes, porque a súa conta é: 5.800.000 euros mais 600.000 euros. (Explica o Alcalde que as obrigas pendentes de pago do concello son 528.248 euros, pero as operacións non presupostarias son as pólizas de crédito. Polo tanto a longo prazo son 4.400.000 euros e a corto 1.100.000 euros, o que non se pode é volver a sumar o 1.100.000 euros que xa están en operacións non presupostarias]. A concelleira matiza que non os está sumando senón que pide que se sumen os 600.000 euros que é o que está pendente de pago, pero engade que non atopou recoñecidas na contabilidade tampouco 300.000 euros que se deben da ETAP que se lle deben á Xunta de Galicia que tamén é débeda pública, que habería que sumar e que non aparece reflectido. Sabe perfectamente que o 1.100.000 euros son de operacións a corto prazo, sinala, que non teñen que ver cos préstamos, pero as contas aínda así lle saen e quédase corta cos sete millóns que dicía en campaña, afirma, e son os seguintes: 600.000 euros en pendentes de pago, mais 300.000 euros que se lle deben á Xunta pola ETAP, exactamente 330.000 euros, mais o 5.800.000 euros que se tiñan no 2013, hoxe son 5.400.000 euros, pasamos dos sete millóns de euros. Isto é unha realidade, sinala. Pide que se emita o informe que antes se solicitou, que así conste en acta, e se diga qué facturas se pagaron polos Reais Decretos que non estaban recoñecidas na contabilidade.

Conclúe o Alcalde sinalando que a verdade é que non se pode descoñecer que as operacións non presupostarias non son as pólizas de crédito. En segundo lugar, que se diga que en total se deben 4.400.000 euros a longo prazo a bancos a 10 anos, o que equivale a 440.000 por ano, que se poden pagar, e débense 987.000 euros das pólizas de crédito (a portavoz pídelo

que fale das contas do 2014, o Alcalde rógalle que está no seu turno de palabra e pídelle que non o interrompa) e quedan obrigas pendentes de pago por 528.000 euros, esa é a débeda do Concello de Allariz, e se se fala do que estaba pendente de pago tamén hai que reflectir o que estaba pendente de cobro e hai 2.066.000 euros, 685.000 do exercicio corrente e os restantes de pechados, deste xeito os sete millóns non saen en ningún caso, pero ademais, hai 50.000 m2 en parcelas no parque empresarial que se van poder comercializar. A realidade é que Allariz é un concello dinámico cunha actividade económica; sería fácil pechar toda esta débeda, sinala, priorizando os bancos a cambio do comercio, do emprego, da actividade económica de Allariz, e o grupo de goberno non vai pasar por esa vía baixo ningún concepto, afirma, e non vai deixar de mirar polas necesidades sociais que hai no concello, que fai que se teña un capital social básico que outros concellos non teñen, todo eso, admite, cun esforzo económico, pero que él entende ben dirixido, e que se non se poidera manter, como se ven dicindo durante 20 anos, xa houbera explotado. Reitera que non é posible non pagar a Unión Fenosa porque a empresa non permite tal impago e polo tanto non sucede.

Por todo elo, considera que a conta xeral é correcta, e cando fala de que non hai facturas no caixón, refírese a que nunca se ocultaron, pode haber empresas coas se teñan discusións sobre a facturación, como foi o caso de Unión Fenosa, a quen se lle discutiron, e polo tanto o informe sobre o plan de pago a provedores entende que ten que ser sobre o seu conxunto para ver se había efectivamente, con respecto a Unión Fenosa que pode mandar a súa facturación cando corresponda, senón o conxunto das que se pagaron porque eran facturas que estaban na contabilidade municipal.

Polo exposto,

Visto o expediente tramitado;

Resultando que a Conta Xeral foi dictaminada con carácter inicial e favorablemente pola Comisión de Facenda, Persoal e Réxime Interior, en calidade de Comisión Especial de Contas, en sesión celebrada o día 28 de xullo de 2015, sendo exposta a información pública mediante anuncio publicado no BOP nº 175, de 1 de agosto de 2015, por prazo de 15 días, durante os cales e 8 mais, os interesados podían presentar reclamacións, reparos ou observacións.

Resultando que durante o prazo de exposición pública non consta que se presentara reclamación algunha contra a citada conta.

De conformidade co dictamen favorable da comisión de facenda, persoal e réxime interior, en calidade de comisión especial de contas, do 22/09/2015, o Pleno da Corporación local, pola maioría absoluta legal, co voto a favor dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG (8) e do PSdeG-PSOE (1), co voto en contra dos concelleiros do Grupo Municipal do PP, ACORDA:

Primeiro.- Aproba-la Conta Xeral do Concello de Allariz correspondente ó exercicio de 2014.

Segundo.- Render a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Terceiro.- Facultar ao Sr. Alcalde para que asine e expida cantos documentos sexan necesarios para a debida execución deste acordo.

4.- Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de celebración de vodas civís.- Aprobación inicial, se procede.

Da conta o propio Alcalde sinalando que non se trata de establecer unha taxa pola celebración dos matrimonios civís que se propician e se accede á súa celebración no día e hora que se solicitan, que en moitas ocasións se celebran en domingo, que se celebran con arroz, confetis e outro tipo de cousas na propia praza Maior que, a pesar de ser en domingo, esixe ter disposto un operativo específico de limpeza. Ese é o motivo da taxa que non debe ser un impedimento, mais ben facilita ter persoal específico para que se poda proceder á limpeza da praza, mais outros gastos de adecuación do propio salón.

As portavoces dos Grupos Políticos expresan por asentimento a súa conformidade, non facendo uso do seu turno de intervención.

Polo exposto,

Visto o expediente tramitado;

De conformidade co dictamen favorable da comisión de facenda, persoal e réxime interior, en calidade de comisión especial de contas, do 22/09/2015, o Pleno da Corporación local, pola unanimidade dos doce concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta corporación local, ACORDA:

PRIMERO.- Aprobar, con carácter provisional, o establecemento da taxa pola prestación do servizo de celebración de vodas civís, así como o texto da Ordenanza fiscal reguladora da mesma, que figura como anexo ao presente acordo.

SEGUNDO. O presente acordo provisional, así como o texto da ordenanza fiscal anexa ao mesmo, exporáñse ao público no taboleiro de anuncios deste Concello durante o prazo de trinta días hábiles, co fin de que os interesados podan examinalo e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Dita exposición ao público anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e comenzará a contar o prazo a partir do día seguinte a aquél en que teña lugar a publicación do correspondente anuncio.

TERCEIRO. Finalizado o período de exposición pública, o Pleno adoptará os acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións que se houberan presentado e aprobando a redacción definitiva da ordenanza. No caso de que non se houberan presentado reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.

En todo caso, os acordos definitivos a que se refire o apartado anterior, incluíndo os provisionais elevados automaticamente a definitivos e o texto integro da ordenanza, deberán ser publicados no Boletín Oficial da Provincia, sen que entren en vigor ata que se teña levado a cabo dita publicación.

Contra os acordos definitivos de imposición e ordenación da taxa pola prestación do servizo de celebración de vodas civís podrán os interesados interpor recurso contencioso administrativo diante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación destes acordos e do texto integro da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

ANEXO

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VODAS CIVÍS

De conformidade co previsto nos artigos 41 e 127 do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, este concello establece unha taxa pola prestación dos servizos de carácter administrativo e protocolario que se prestan con motivo da celebración das vodas civís.

Artigo 1. Feito imponible

Constitúe o feito imponible da presente taxa a actividade municipal e administrativa desenvolvida con motivo da celebración de matrimonios civís ante a Alcaldía.

A actividade municipal desenvolvida refírese tanto á xestión administrativa como a acomodación, preparación, mantemento e limpeza de locais e espazos públicos directamente relacionados coa celebración do evento.

Artigo 2. Suxeito pasivo

Serán suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas que soliciten ou resulten beneficiadas polos servizos que se presten pola celebración da voda civil que teña lugar no Salón de Plenos do Excmo. Concello, ou en calquera outro inmovible de titularidade municipal que o concello acorde destinar a tal fin.

Artigo 3. Devengo

A taxa devéngase e nace a obriga de contribuír dende o momento de formalización da correspondente solicitude do servizo. O pagamento desta farase como autoliquidación, mediante modelo que se facilitará para tal finalidade, ao presentar a oportuna solicitude de celebración de matrimonio, a cal non se tramitará sen a acreditación de ter efectuado, de ser o caso, o abono a que corresponda.

Artigo 4. Cota tributaria.

Establécese un prezo único de 50,00€ pola prestación dos servizos inherentes á celebración da voda civil.

Artigo 5. Infraccións e sancións.

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto na Lei xeral tributaria e normativa que a desenvolve.

Artigo 6. Normas de xestión

Os interesados na celebración de matrimonio civil deberán presentar a seguinte documentación:

- Impreso de solicitude firmado por ambos contraíntes.
 - Fotocopia do DNI dos contraíntes e das testemuñas maiores de idade.
 - Autorización da celebración do matrimonio dictada polo Rexistro Civil correspondente
 - Resguardo xustificativo do pagamento da taxa mediante autoliquidación.
- Tras aportar a documentación requerida para o efecto coa antelación suficiente antes da cerimonia, reservaráselles data e hora para a celebración do citado evento.

DISPOSICIÓN FINAIS

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o mesmo día da súa publicación íntegra no BOP, comenzando a rexer o 1 de xaneiro de 2016, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

**5.- Regulamento do réxime interno do obradoiro de emprego "Reserva da Biosfera I".-
Aprobación inicial, se procede.**

Explica o Alcalde que se trata dun instrumento que se propón por indicacións da Consellería de Traballo para regular diversos aspectos necesarios para o funcionamento deste obradoiro que se constituiu conxuntamente cos concellos de Vilar de Santos e A Bola.

As portavoces dos Grupos Políticos expresan por asentimento a súa conformidade, non facendo uso do seu turno de intervención.

Polo exposto,

Visto o expediente tramitado;

De conformidade co dictamen favorable da comisión de facenda, persoal e réxime interior, en calidade de comisión especial de contas, do 22/09/2015, o Pleno da Corporación local, pola unanimidade dos doce concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta corporación local, ACORDA:

Primeiro.- Aprobar con carácter inicial regulamento de réxime interno do obradoiro de emprego "Reserva da Biosfera I" que figura como anexo ao presente acordo.

Segundo.- Dispor que se someta a información pública e audiencia aos interesados por prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamación e suxerencias mediante anuncio que se publicará no BOP e no Taboleiro municipal.

As reclamacións e suxerencias presentadas dentro do prazo serán resoltas polo Pleno na aprobación definitiva.

No caso de que non se presentaran reclamacións ou suxerencias, entenderáse efinitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Terceiro.- Facultar tan amplamente como en dereito proceda para que o alcalde proceda a execución deste acordo.

ANEXO

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO OBRADOIRO DE EMPREGO "RESERVA DA BIOSFERA I"

1. DEFINICIÓN

O Obradoiro de Emprego configúrase como un programa mixto que combina accións de formación e emprego dirixido a mellora a ocupabilidade das persoas desempregadas maiores de dez e oito anos, coa finalidade de facilitala súa posterior integración no mercado laboral.

Os traballadores participantes no Obradoiro de Emprego adquirirán a formación profesional e a práctica laboral necesaria, mediante a realización de obras ou servizos de utilidade pública ou interese social, relacionados co itinerario formativo de cada certificado de profesionalidade, que posibiliten a súa posterior inserción laboral, xa sexa a través de emprego por conta allea como mediante a creación de proxectos empresariais ou de economía social.

Estas normas servirán de funcionamento interno do Obradoiro de Emprego "Reserva da Biosfera I"

1.1-OBXECTIVOS DO OBRADOIRO DE EMPREGO

Capacitar profesionalmente ó alumnado-traballador nas especialidades formativas propostas pola entidade promotora.

Favorecer a inserción profesional do alumnado-traballador.

Realizar aquelas actuacións e actividades obxecto do proxecto solicitado pola Entidade Promotora.

Cada unha das modalidades de especialidades, "Xardinería ", ten como base formativa os Certificados de Profesionalidade de cada oficio.

Nos obradoiros de emprego impartirase a formación complementaria de: iniciación á informática e sensibilización ambiental, sensibilización en igualdade de xénero, formación en materia de prevención de riscos, orientación, asesoramento e formación empresarial, educación básica, podendo propoñer a dirección do proxecto ou a promotora outras que se consideren de interese.

1.2-CERTIFICACIÓNS E DIPLOMAS

Ó remate do obradoiro, o alumnado-traballador recibirá:

Diploma acreditativo da súa participación no proxecto emitido pola Consellería de Traballo e Benestar. Certificado expedido pola Entidade Promotora (a denominación do certificado de profesionalidade, as unidades de competencias asociadas, as horas de participación, o nivel de formación teórico-práctica, e o resultado acadado).

1.3-UBICACIÓN E COMPOSICIÓN DO OBRADOIRO DE EMPREGO

O Obradoiro de Emprego está ubicado en Allariz (Concello de Allariz, rúa Portelo, 4, 2º, 32660 Allariz, Ourense), na Bola (Concello de A Bola, Estrada Allariz Celanova, Campo da Veiga 4, 32812 A Bola, Ourense) e Vilar de Santos (Concello de Vilar de Santos, Estrada de Celanova 77, 32650, Vilar de Santos, Ourense)

O cadro de persoal que integra o proxecto é: dirección, administración, docentes, docente de educación básica, así como o alumnado-traballador.

O Obradoiro de Emprego consta das seguintes especialidades e número de alumnado-traballador:

- Xardinería 20 alumnos
Allariz: 8 alumnos.
Vilar de Santos: 6 alumnos.
A Bola: 6 alumnos.

2. ÓRGANOS DE REPRESENTACIÓN E FUNCIONS

2.1.ÓRGANOS UNIPERSOAIS

2.1.1.DIRECCION

A Dirección é a superior autoridade dentro do Obradoiro de Emprego, é a responsable ante a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, así como ante a Entidade Promotora (Concello de Allariz) en relación co funcionamento do mesmo. As súas funcións específicas son as seguintes:

Supervisión dos plans e proxectos de actuación do Obradoiro de Emprego.

Estudar e xestionar os pedidos de ferramenta e materiais de formación así como dos materiais do proxecto aprobado.

Ten encomendadas a supervisión das actividades académicas do obradoiro e a xestión económica administrativa.

É o responsable de toda relación con calquera organismo ou institución.

Está encargado das relacións co resto dos Obradoiros de Emprego de ámbito nacional ou autonómico.

Coordina e supervisa as memorias, informes técnicos, etc., que sexan requeridos polos organismos competentes.

No caso de ausencia ou necesidades do servizo poderá delegar total ou parcialmente as súas funcións naquela persoa que el mesmo designe, previa aprobación da Entidade Promotora.

Aplicación do réxime disciplinario no relativo ás faltas leves, dando coñecemento á entidade promotora.

Dar coñecemento das infraccións graves e moi graves e propoñer á entidade promotora as sancións que correspondan.

Propón a apertura de expedientes disciplinarios, segundo procedemento disciplinario.

Tamén será da súa competencia de carácter ordinario a comunicación mensual de incidencias.

Asemade, por razón de interés do proxecto, poñerá en coñecemento da entidade promotora e da Consellería de Traballo e Benestar calquera incidencia que supoña unha disfunción grave da execución do itinerario formativo. Todas aquelas que determinan as Bases que regulan o proceso de selección.

2.1.2. PERSOAL DE APOIO ADMINISTRATIVO

As súas funcións específicas serán:

2.1.2.1. Estará encargada das labores de oficina e administración do Obradoiro de Emprego.

2.1.2.2. Será responsable dos traballos encomendados dende a dirección, así como da confección de rexistros, correspondencia, arquivos, teléfono, subministros, correo, etc.

2.1.2.3. Levará o control da contabilidade interna baixo a supervisión directa e responsabilidade do director.

2.1.2.4. Realizará o traballo ofimático de documentos, informes, memorias e todo tipo de escritos relacionados co funcionamento do Obradoiro.

2.1.2.5. Arquivará e gardará a documentación do Obradoiro de Emprego.

2.1.2.6. Levará o control organizado de inventarios, material funxible de administración e funcionamento.

Aquelas que constan nas Bases que regulan o proceso de selección para a contratación de este persoal.

Aqueloutras que estableza e aprobe a entidade promotora.

2.1.3. PERSOAL DOCENTE

As funcións específicas das persoas responsables de cada módulo formativo son as seguintes:

2.1.3.1. Son os responsables da planificación e execución do plan de actuacións previstos para a súa especialidade.

2.1.3.2. Exercerán a súa actividade docente para o adecuado desenvolvemento dos programas dentro dun marco pedagóxico e didáctico recollido na planificación xeral de actuación do Obradoiro de Emprego.

2.1.3.3. Desenvolverán a súa actividade formativa nos aspectos teórico- prácticos do alumnado-traballador impartindo as ensinanzas correspondentes ó seu módulo, así como asignar as diferentes tarefas a realizar polos alumnado.

2.1.3.4. Programarán o desenvolvemento da área correspondente, informando á dirección da súa planificación e aplicación nas súas reunións para a súa aprobación definitiva.

2.1.3.5. Serán os responsables do control de asistencia, puntualidade, produtividade, aproveitamento e avaliación da aprendizaxe, debendo facilitar a lista de control de asistencia, así como as fichas de avaliación correspondentes ós controis de aprendizaxe teórico-prácticos establecidos para cada especialidade.

2.1.3.6. Elaborarán as peticións de material, maquinaria, ferramenta, etc., dirixida á dirección, realizando un inventario e levando un control dos pedidos, así como do seu estado e mantemento.

2.1.3.7. Informarán, esixirán e serán responsables directos do control das normas de seguridade e saúde establecidas no estudo específico do obradoiro así como no certificado de profesionalidade que imparte.

2.1.3.8. Fomentarán e colaborarán activamente nas iniciativas de creación de emprego para os alumnado-traballador que teñan encomendadas.

2.1.3.9. Colaborarán coa dirección comunicando as incidencias que ocorran no seu módulo e no Obradoiro en xeral, por escrito, no caso de infraccións leves, graves ou moi graves.

2.1.3.10. Establecerán as medidas e normas necesarias para o mantemento e orde do Obradoiro, aula, vestiario, ferramentas, maquinaria, etc.

2.1.3.11. Todas aquelas se se indiquen nas Bases reguladoras para a selección do posto de persoal docente.

2.1.5. REPRESENTANTE DO ALUMNADO-TRABALLADOR

Haberá un/unha delegado/a por cada especialidade, que será elixido polo seu grupo e por maioría simple.

Para poder ser elixidos/as terán que presentarse voluntariamente. As súas funcións específicas serán:

2.1.5.1. Dirixirán e coordinarán tódalas reunións do seu grupo e tomarán nota do tratado nelas para elevalos seus problemas a dirección.

2.1.5.2. Toda reunión que queiran convocar terá que ser autorizada pola dirección.

2.1.5.3. Serán os representantes legais ante a dirección, titoría e profesorado de tódalas suxerencias do seu grupo.

2.1.5.4. Participarán nos órganos da comisión e no estudio de propostas do funcionamento interno do Obradoiro.

2.1.5.5. Trasladarán as suxerencias, que en tal senso, lles comuniquen os seus compañeiros/as.

2.1.5.6. Deberán informar das reunións do Consello os/as compañeiros/as da súa especialidade.

2.2. ÓRGANOS PLURIPERSOAIS

2.2.1. CLAUSTRO DOCENTE

O claustro é o órgano propio de participación dos expertos e está integrado pola totalidade dos mesmos que prestan

servicios no Obradoiro de Emprego e pola dirección.

O claustro ten as seguintes competencias: Programar as actividades docentes do Obradoiro de Emprego.

Fixar e coordinar criterios sobre a avaliación e recuperación do alumnado traballador.

Coordinar as funcións de orientación e tutoría do alumnado-traballador.

A asistencia ó claustro será obligatoria para tódolos seus membros.

O claustro reunirse ordinariamente polo menos 1 vez ó mes.

2.2.2. CONSELLO DE DIRECCIÓN

É o máximo órgano de decisión do Obradoiro de Emprego para asuntos relacionados coa formación do oficio e traballo en obra. Está composto por un representante do alumnado-traballador de cada unha das especialidades, polo persoal docente, pola dirección, por un representante da entidade promotora. Actuará de secretario a persoa que ocupe o posto de apoio administrativo.

As súas decisións non poden contradicir as normativas vixentes no Obradoiro de Emprego.

Non será válido ningún Consello no que non estean presente a dirección ou o 70% dos seus membros.

En caso de empate nas votacións decidirá o voto de calidade da dirección.

O Consello reunirse ordinariamente cada 2 meses.

3. XORNADA DE TRABALLO, HORARIO E VACACIÓNS

A xornada formativo-laboral é de oito horas diarias, de 7:30 a 15:30 horas, realizadas de luns a venres. Establecese un período de trinta minutos de descanso en cada xornada que se axustará as esixencias da obra ou servizo.

A dirección confeccionará o calendario e o horario xeral, tendo en conta os seguintes parámetros:

A xornada formativo-laboral de oito horas diarias. A dirección determinará a distribución dos horarios de xeito que se adapten da mellor forma posible o proceso de formación, buscando en todo momento o maior grado de coherencia entre os factores ambientais e as necesidades formativas e organizacionais.

Calendario festivo legalmente establecido. Os períodos de vacacións correspondentes segundo o establecido polas normas laborais. As propostas de mellora que se poidan realizar dende o alumnado ou o profesorado. Toda situación laboral que veña a alterar o disposto neste artigo, será regulada polo Consello de Dirección. O cumprimento estrito do horario considérase imprescindible para o correcto funcionamento do Obradoiro de Emprego. Para o regulamento da entrada e da saída establécese un control de sinaturas no que se farán constar os retrasos superiores a cinco minutos. A falta de puntualidade computarase así mesmo en tódolos cambios de actividades e/ou pausas ocasionais.

As faltas de asistencia non xustificadas, así coma as faltas de puntualidade terán o correspondente desconto no salario de cada traballador/a.

En calquer caso, tratarase a problemática de cada alumno/atraballador en particular, e tanto os expertos/a, como a dirección estudarán o caso de cada persoa e as súas necesidades.

Todas as persoas traballadoras contratadas para o obradoiro terán dereito a gozar, por seis meses completos de servizo activo, dun período de vacacións retribuídas de 15 días naturais ou os días que en proporción lles correspondan.

PERMISOS RETRIBUÍDOS

Consideraranse permisos retribuídos tódolos recollidos no art. 37.3 do estatuto dos traballadores:

O traballador/a, previo aviso e xustificación, poderá ausentarse do traballo con dereito a remuneración, por algúndos motivos e polo tempo seguinte:

- a) Quince días naturais en caso de matrimonio.
- b) Dous días nos casos de nacemento de fillo/a ou enfermidade grave ou finamento de parentes ata segundo grao de consanguinidade ou afinidade. Cando, con tal motivo o traballador/a necesite facer un desprazamento ó efecto, o prazo será de catro días.
- c) Un día por traslado de domicilio habitual.
- d) Polo tempo indispensable, para o cumprimento dun deber inexcusable de carácter público e persoal.
- e) Para realizar funcións sindicais ou de representación do persoal nos termos establecidos legal e convencionalmente.
- f) Polo tempo indispensable para a realización de exames prenatais e técnicas de preparación ao parto que deban realizarse dentro da xornada de traballo.

NORMAS XERAIS

Procúrase en todo momento manter un respecto mutuo co fin de lograr axeitado ambiente de convivencia e cooperación no proxecto formativo e laboral.

O estado de conservación e limpeza dos locais, material didáctico, ferramentas, roupa de traballo, etc, é responsabilidade de todas as persoas usuarias, debendo velar polo mesmo o persoal docente, sendo o alumnado-traballador responsable directo da limpeza e mantemento dos utensilios, polo que se establecerán turnos dentro de cada grupo e se destinará diariamente, segundo as necesidades, uns minutos ó final da formación teórica e/ou práctica para tal fin.

Esixirase puntualidade na incorporación ó Obradoiro de Emprego, tanto no inicio da xornada como nos cambios de actividade e despois do descanso.

A asistencia diaria é obligatoria a tódalas actividades do Obradoiro programadas dentro do horario de funcionamento. Toda ausencia que careza de xustificación oficial ou autorización de titoria ou dirección, descontarase da nómina do mes. Cada día deberá asinarse a asistencia, a primeira hora da mañá, na folla de control. No caso de necesidade de ausentarse durante parte da xornada, deberá asinarse un permiso, asinado polo persoal responsable, debidamente cumprimentado, que autorice a saída ou retraso.

Os conflitos que se produzan no módulo deben resolverse polo persoal docente responsable da actividade nese intre. Cando se entenda necesario comunicárselle á dirección. A reiteración ou persistência serán causa de informar á dirección.

En caso de falta grave ou moi grave, deberase informar inmediatamente á dirección, por escrito, co fin de abrir expediente disciplinario e aplicar a sanción correspondente, de selo caso.

En toda avaliación terase en conta e estudarase de forma individual a puntualidade, asistencia, comportamento, rendemento e responsabilidade demostrada en cada caso.

Non se poderá fumar nas dependencias do Obradoiro de Emprego.
Non se poderá consumir alcohol nin substancias ilegais.

5.1- ROUPA DE TRABALLO

Ao persoal contratado para o obradoiro facilitaráselle a roupa de traballo axeitada á actividade a realizar.

5.2- SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO

O Obradoiro de Emprego está obrigado a poñer a disposición do seu persoal e do alumnado- traballador todas as medidas de seguridade e saúde no traballo que exixa a normativa vixente e os certificados de profesionalidade.

Informarase e formarase ao alumnado sobre a normativa, riscos e medidas de protección tanto xerais como especificamente axustadas a cada especialidade, o cal é responsabilidade de cada docente.

Cada docente do Obradoiro é responsable de cumprir e facer cumprir as normas de seguridade, así como de utilizar os medios de protección, debendo solicitar a adquisición e reposición do material necesario. De igual forma debe negarse a execución de calquera traballo que careza das medidas de protección oportunas.

Existirán carteis informativos e avisos visibles de advertencia de riscos, prohibicións expresas, obrigatoriedade de uso de prendas, etc., que quedarán expostos en cada obradoiro como recordatorio permanente de inexcusable cumprimento.

O Obradoiro de Emprego proveerá ao persoal docente do Obradoiro e alumnado-traballador con roupa de traballo para utilizar no obradoiro. Pola súa parte, o alumnado-traballador deberá mantela en bo estado de conservación e limpeza sendo responsable da perda dos mesmos, debendo en tal caso substituílos pola súa conta.

DEREITOS E DEBERES

Xa que o funcionamento do Obradoiro é de carácter empresarial, o alumnado-traballador e o persoal disporán dos dereitos e obrigacións que se regulen no estatuto dos traballadores e na lexislación vixente.

7. RÉXIME DISCIPLINARIO

7.1-FALTAS E SANCIÓN

Clases de faltas: As faltas cometidas polos traballadores ao servizo do obradoiro clasificaranse atendendo a súa importancia e, de selo caso, a súa reincidencia, en leves, graves e moi graves.

7.1.1-FALTAS LEVES.

Considéranse faltas leves as seguintes:

a) Ata tres faltas de puntualidade nun mes, sen motivo xustifico.

Entenderase falta de puntualidade tanto o retraso na entrada como o adianto na saída, así como os incumprimentos de incorporación á actividade durante o horario ordinario.

b) Faltar ao traballo un día durante un mes, sen motivo xustifico.

c) A non comunicación, con corenta e oito horas como mínimo de antelación, de calquera falta de asistencia ó traballo por causas xustificadas, a non ser que se acredite a imposibilidade de facelo.

d) O abandono do centro ou do posto de traballo sen causa ou motivo xustifico, aínda por tempo breve, sempre que dito abandono non fose perxudicial para o desenvolvemento da actividade productiva do programa ou causa de danos ou accidentes aos componentes do seu grupo de traballo, no que poderá ser considerada como grave ou moi grave.

e) A falta de atención e dilixencia debidas no desenvolvemento do traballo encomendado, sempre que non provoque

perxuízo de consideración ó programa ou aos componentes do seu grupo de traballo; neste caso será considerada como grave ou moi grave.

f) Pequenos descoidos na conservación do material.

g) Non lle comunicar ao obradoiro calquera cambio de situación que teña incidencia no eido laboral, coma o cambio de residencia habitual.

h) A falta ocasional de aseo ou limpeza persoal.

i) As faltas de respecto ós seus compañeiros, e incluso, a terceiras persoas alleas ó programa ou centro de actividade, sempre que se produza con motivo ou ocasión do traballo.

j) Permanecer en zonas ou lugares distintos aqueles nos que se realice o traballo habitual, sen causa xustificada, ou sen estar autorizado.

k) Non observar as normas en materia de prevención de riscos laborais, que non entrañen risco grave para a propia persoa nin para o resto de alumando ou terceiras persoas.

l) Distraer aos membros de seu grupo durante o tempo de traballo e prolongar as ausencias breves e xustificadas por tempo superior ó necesario.

m) O consumo de tabaco, alcol ou calquera outra droga.

7.1.2-FALTAS GRAVES.

Considéranse faltas graves as seguintes:

Mais de três faltas de puntualidade nun mes ou tres cando o retraso ou adianto sexa superior a 15 minutos en cada unha delas, durante dito período, sen motivo xustificado.

a) Faltar dous días ó traballo durante un mes, sen motivo xustificado.

b) Non presentar a dilixencia ou a atención debidas no traballo encomendado, que poida supor risco ou perxuízo de certa consideración para a propia persoa traballadora, ós seus compañeiros, ó programa/Concello ou terceiros.

c) A simulación de supostos de incapacidade temporal ou accidente.

d) Incumprimento das ordes ou ignorar as normas en materia de prevención de riscos laborais, cando estas supoñan un grave risco para o traballador, os compañeiros ou terceiros, así como negarse e empregar os medios de seguridade facilitados polo programa/Concello.

e) A desobediencia ós superiores en calquera materia de traballo, sempre que a orde non implique vexación para a persoa traballadora ou risco para a vida ou saúde, tanto del coma doutros traballadores.

f) Calquera alteración ou falsificación dos datos persoais ou laborais relativos ás persoas traballadoras.

g) A negligencia ou imprudencias graves no desenvolvemento da actividade encomendada.

h) Realizar, sen contar coa oportuna autorización, traballos particulares na obra ou centro de traballo, así coma empregar para usos persoais ferramentas do obradoiro ou da entidade promotora, tanto dentro coma fóra dos lugares de traballo.

i) A diminución voluntaria e ocasional no rendemento do traballo sen causa que o xustifique.

j) Facilitar datos reservados ou información da obra ou centro de traballo, ou do programa, a persoas alleas.

k) Ocultar feitos ou faltas que a persoa traballadora presenciase, e que poderan causar prexuízo grave de calquera tipo ó obradoiro, aos compañeiros de traballo ou a terceiros.

l) Non avisar de inmediato ao seu docente ou a dirección, de calquera anomalía, avaría ou accidente que se observe nas instalacións, maquinarias ou locais.

m) Introducir ou facilitar o acceso ó centro de traballo a persoas non autorizadas.

n) A negligencia grave na conservación ou na limpeza de materiais e máquinas que teña o traballador ó seu cargo.

o) A reincidencia en calquera falta leve, no mesmo trimestre.

p) Producir graves escándalos ou alborotos no ámbito de traballo.

7.1.3-FALTAS MOI GRAVES.

Considéranse faltas moi graves as seguintes:

Máis de nove faltas de puntualidade sen motivo xustificado, cometidas no período de tres meses, ou de 15, durante seis meses.

a) Faltar ao traballo máis de dous días ó mes, sen motivo xustificado.

b) A fraude, a deslealdade ou o abuso da confianza no traballo, xestión ou actividade encomendados; o furto e o roubo, tanto aos componentes do obradoiro como á entidade promotora e/ou aos seus asociados, ou calquera persoa que se atope no centro de traballo ou fóra do mesmo, durante o desenvolvemento da súa actividade laboral.

c) Inutilizar, destrozar ou causar desperfectos en calquera material, ferramentas, máquinas, instalacións, edificios, aparellos, documentos, libros ou vehículos do obradoiro, da entidade promotora ou do centro de traballo.

d) A embriaguez ou toxicomanía, en horario laboral.

e) Os malos tratos de palabra ou obra ou faltas graves de respecto e consideración entre persoas contratadas para o obradoiro.

f) A imprudencia ou negligencia inexcusables, así coma o incumprimento das normas de prevención de riscos laborais, cando sexan causantes dun accidente laboral grave, perxuízos graves ós compañeiros ou a terceiros, ou danos graves ó programa/Concello.

g) Abuso da autoridade por parte de quen a ostente.

h) A diminución voluntaria e reiterada ou continuada, no rendemento normal do traballo, sen causa que o xustifique.

i) A desobediencia continuada ou persistente.

j) Os actos feitos no centro de traballo ou fóra del, con motivo ou ocasión do traballo encomendado, que poidan ser constitutivos de delito.

k) A emisión maliciosa e continuada de informacións falsas referentes ao obradoiro ou ó centro de traballo.

l) Abandono do posto de traballo sen xustificar, especialmente nos postos de mando ou responsabilidade, ou cando esto provoque un prexuízo evidente ou poida chegar a ser causa dun accidente para o traballador, outros compañeiros ou terceiros.

m) A imprudencia temeraria no desempeño do traballo encomendado, ou cando a forma de realizalo, implique risco

de accidente ou perigo grave de avaría para as instalacións ou maquinaria da entidade promotora.

n) A reincidencia en falta grave, aínda que sexa de distinta natureza, dentro do semestre, da que conste sanción por escrito.

7.2-SANCIÓNS. APLICACION

Antes de tomar en firme unha decisión de propoñer a entidade promotora sancionar a unha persoa traballadora deberanse ter en conta os condicionantes sociais e persoais das beneficiarias contratadas.

As sancións que se poden levar a cabo, segundo a gravidade e as circunstancias das faltas cometidas, serán as seguintes:

7.2.1-FALTAS LEVES:

Amonestación verbal, amonestación por escrito: Suspensión de emprego e soldo de ata dous días.

7.2.2-FALTAS GRAVES:

Suspensión de emprego e soldo de tres a catorce días.

7.2.3-FALTAS MOI GRAVES:

Suspensión de emprego e soldo de quince días a 1 mes.
Despido.

As propostas de sanción deberán ser notificadas ás persoas interesadas, dándolle un prazo de 10 días naturais para presentar, no seu caso, as oportunas alegacións. En todo caso, atenderase ao recollido na lexislación vixente.

Outros efectos das sancións: Anotarase nos expedientes laborais dos traballadores as sancións que por falta grave ou moi grave se lles impoñan, considerando tamén a reincidencia nas faltas leves.

A aplicación e gradación das sancións graves ou moi graves serán acordadas polo Consello, con coñecemento da entidade promotora. No caso de que as decisións neste sentido non poidan ser tomadas por unanimidade, será necesario contar coa maioría simple dos presentes. A dirección, no caso de empate nas votacións, terá o voto de calidade. Así mesmo, estas decisións serán comunicadas por escrito á persoa afectada.

RECURSOS

As decisións da dirección do Obradoiro de Emprego poden ser recurridas ante a entidade promotora no prazo máximo de 10 días.

As decisións da entidade promotora poden ser recurridas polos mecanismos contemplados na lexislación laboral vixente.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

No resto das cuestións non contempladas expresamente neste acordo, estarase ó disposto no Estatuto dos Traballadores.

Este regulamento deberá ser revisado se as circunstancias así o aconsellan, previa conformidade da Xunta e da Entidade Promotora.

6.- Protocolo contra a violencia de xénero.- Aprobación, se procede.

Da conta a concelleira de benestar social, Maria Isabel Poisa Rey, sinalando que se trata dun instrumento que pretende coordinar ás diferentes institucións relacionadas coa loita contra a violencia de xénero. é polo tanto un traballo multidisciplinar no que as institucións implicadas serán a Garda Civil, Policía Local, Centro de Saúde, CEIP, IES, Escola Infantil e Servizos Sociais Municipais, tendo en conta ademais os recursos a nivel provincial cos que xa contábamos para realizar unha intervención axeitada: Xustiza, Centro de Información á Muller, Casas de Acollida, ONGs. Formarase unha mesa de coordinación de traballo coa finalidade de ofrecer respostas claras e mais definidas ás mulleres vítimas da violencia de xénero; definir as funcións específicas que ten cada unha das institucións e organismos implicados; fomentar un compromiso real e coordinado; coñecemento e formación na loita contra a violencia de xénero de todas as institucións locais implicadas; establecer un percorrido coherente e non vitimizante naqueles casos que chegan a cada ún dos nosos servizos.

Os obxectivos principais deste protocolo –continúa a concelleira- son a creación dun documento marco que guíe a intervención multidisciplinar en casos de violencia; coordinar intervención, información e traballo; crear documentos comúns informativos dos casos para evitar a *peregrinación* da vítima; guiar a acollida, a recepción, a derivación e supervisión en caso de violencia de xénero; e por riba de todo, mellorar a resposta de atención ás mulleres maltratadas.

As portavoces dos Grupos Políticos expresan por asentimento a súa conformidade, non facendo uso do seu turno de intervención.

Polo exposto,

Visto o expediente tramitado;

De conformidade co dictamen favorable da comisión de facenda, persoal e réxime interior, en calidade de comisión especial de contas, do 22/09/2015, o Pleno da Corporación local, pola unanimidade dos doce concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta corporación local, ACORDA:

PRIMEIRO. Aprobar o protocolo de actuación e coordinación ante a violencia de xénero do concello de Allariz, como un documento de carácter local para coordinar as diferentes institucións co fin de acadar os seguintes obxectivos:

- Crear un documento marco que guíe a intervención multidisciplinar en casos de violencia de xénero
- Coordinar a intervención, a formación e o traballo
- Crear documentos comúns informativos dos casos, para evitar a “peregrinación” da vítima
- Guiar a intervención nos casos de violencia de xénero, a recepción, a acollida, a derivación e supervisión
- Coñecer as funcións de cada ámbito e coordinar as derivacións en casos de violencia de xénero
- Mellorar a resposta de atención ás mulleres maltratadas

SEGUNDO. Publicar o documento aprobado na páxina web oficial do concello de Allariz www.allariz.com

7.- Contrato de aluguer de parcelas con opción de compra no Parque empresarial de Chorente (Expte. B2012.03).- Toma de razón da opción de compra efectuada pola empresa adxudicataria do contrato: Misturas Obras e Proxectos, S.A.

Explica o Alcalde que, na medida en que foi o Pleno quen aprobou o prego de condicións e que permitiu a instalación dunha planta de aglomerado cun aluguer con opción de compra das parcelas, na medida en que tamén se acordou polo propio Pleno a prórroga dun ano de conformidade co prego de condicións, tendo en conta que a empresa acaba de formalizar a opción de compra prevista é polo que se traslada esta información ao Pleno para que teña coñecemento desta decisión da empresa Misturas.

De conformidade co dictamen favorable da comisión de facenda, persoal e réxime interior, en calidade de comisión especial de contas, do 22/09/2015, o Pleno da Corporación local tomou razón do escrito, de data 27 de agosto de 2015, con entrada no concello na data do 1 de setembro de 2015, núm. 2576, polo que dona Ana Cristina Prada Valencia, con NIF 34930423-R, no nome e representación, como Apoderada, da empresa Misturas, Obras e Proxectos, S.A., con CIF A32118705, comunica ao concello de Allariz formalmente o exercicio do seu dereito de opción de compra derivada do contrato de arrendamento con opción de compra do lote único das parcelas identificadas cos números 81, 82, 83, 84, 85 e 86 do parque empresarial de Chorente SUI-1 de Roiriz, Allariz. Número de expediente: B2012.03.", formalizado nun contrato administrativo de data 1 de setembro de 2012.

Ao respecto, a Cláusula Quinta do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexe o contrato establece que:

"O arrendador concede gratuitamente ao arrendatario do lote de parcelas obxecto desta oferta, durante a vixencia deste contrato de arrendamento, un dereito de opción de compra do ben arrendado polo prezo de venda sinalado na columna correspondente do cadro da cláusula cuarta deste Prego de Condicións, actualizado por aplicación do índice Xeral de Incremento de Prezos ao Consumo, e do cal se deducirá o noventa por cento (90%) das cantidades abonadas en concepto de renda do arrendamento polo arrendatario até o momento en que faga uso da opción de compra.

O prezo fixado abonarase mediante ingreso que se efectuará a nome do Concello de Allariz na correspondente conta bancaria da súa titularidade, ao momento de facerse uso da opción de compra, e a finca transmitirase libre de cargas e gravames e ao corrente no pago de impostos".

Polo que e empresa, solicita:

Que, de conformidade co disposto na cláusula quinta do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o contrato, esa Administración [o concello de Allariz] previos os trámites que estimen convenientes, incluída a citación das partes, proceda a sinalar día e hora para a formalización, ante fedatario público, da Escritura de Compra-Venda das parcelas incluídas no contrato de "arrendamento con opción de compra do lote único das parcelas identificadas cos números 81, 82, 83, 84, 85 e 86 do parque empresarial de Chorente SUI-1 de Roiriz, de Roiriz, Allariz. Número de expediente: B2012.03", sendo as condicións da Compra-Venda as indicadas no Prego de Cláusulas Administrativas que rexe o contrato.

8.- Moción do BNG por unha acollida digna ás persoas refuxiadas e polo fin das guerras imperialistas de USA e UE.

Da conta a concelleira de benestar social, Maria Isabel Poisa Rey, do seguinte texto que reflicte a moción presentada co seguinte teor literal:

Moción do BNG por unha acollida digna ás persoas refuxiadas e polo fin das guerras imperialistas de USA e UE.

Estamos a vivir, xusto ás portas de Europa e no propio continente, unha crise humanitaria sen precedentes desde a II Guerra Mundial. A magnitude da traxedia non parece, no entanto, impelir unha actuación urxente da Unión Europea e da comunidade internacional, como non sexa para levantar novos muros que deixen do lado de fóra a miseria e a dor provocada por eles propios.

Con efecto, a dimensión que está a alcanzar a actual crise de persoas refuxiadas e migrantes ten a súa orixe na rapina imperialista comandada polos Estados Unidos. Os EUA e os seus aliados europeos non dubidaron en levar a guerra, a morte, a destrución e a miseria a diversos países con tal de alcanzar os seus obxectivos xeoestratéxicos e espoliar os seus recursos naturais, particularmente o petróleo.

Primeiro foi o Afganistán, o Iraq, despois Libia. Agora é a Siria o albo do imperialismo. Os EUA, co inestimable apoio de Israel e a colaboración de diversos estados europeos, organizaron, armaron e alentaron o terrorismo na Siria, incluído o chamado Estado Islámico, que agora sinalan como principal inimigo e utilizarn como máis un pretexto para a súa política intervencionista na zona. Cando non, como no caso da Turquía, como punta de lanza contra o movemento de liberación nacional do Curdistán.

As vítimas desta deshumana política imperialista son as poboacións civís destes Países. É o pobo do Iraq, de Afganistán, de Libia, de Siria, do Curdistán, tamén de Palestina. Non pode sorprender, por tanto, a vaga imensa de refuxiados – fundamentalmente sirios – que escapan da guerra e de migrantes que foxen da miseria xerada igualmente pola rapina neocolonial no oriente Próximo e en África, coa inestimable colaboración das elites locais.

Tamén non sorprende, infelizmente, a resposta da Europa capitalista. A grande preocupación desa Unión Europea ao servizo da oligarquía non é resolver o drama humano nin os problemas sociais, económicos ou políticos que están na súa xénese. A preocupación principal é blindarse para deixalos fóra. Utilízase o Mediterráneo como un grande foxo para defender o castelo europeo sen se preocupar, na realidade e para alén dos lamentos de rigor, cos millares de persoas mortas cada ano tentando cruzalo en condicións infrahumanas. Agora, fronte á vaga de persoas refuxiadas, levántanse novos muros. Hungría vén de fechar con rolos de arame farpado 175 quilómetros da súa fronteira con Serbia para impedir a entrada de refuxiados e migrantes. No en tanto, non será esta tipo de medidas as que freen o problema.

Como exemplo máis evidente do desinterese da UE por resolver esta dramática situación está o facto de, após máis dunha semana de crise humanitaria, decidr a 30 de agosto convocar unha reunión de urxencia do Consello de Ministros de Interior para... o 14 de setembro. Entre tanto, millares de refuxiados e migrantes continúan a se agolpar en condicións penosas nas fronteiras ou achan a morte no Mediterráneo. Máis unha vez fica claro, o capitalismo non ten alma, ten apenas carteira.

No en tanto, este drama que parece deixar indiferentes os gobernos europeos, atines directamente a conciencia dos pobos. O nacionalismo galego, desde a súa consubstancial praxe

internacionalista, sente como propio o drama humano, social e político que representa esta crise e por iso non podemos nin queremos ficar indiferentes nin pasivos.

Dende o Concello de Allariz vamos traballar de forma aberta colaborando con medios municipais para paliar esta situación. Así mesmo facemos un chamamento a entidades, colectivos, asociacións e particulares que se queiran sumar para integrar unha misión municipal que coordinará estas actividades de apoio aos refuxiados. Tamén como concello integrado no Fondo Galego de Cooperación e na Federación Galega de Municipios e Provincias, participaremos nas accións conxuntas que se desenvolven.

Por todo o exposto solicitamos do Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO

1º) Impulsar a creación dunha comisión municipal, aberta a entidades, colectivos, asociacións e particulares, para coordinar a cooperación municipal coas posíbeis persoas refuxiadas que veñan a Allariz.

2º) Solicitar da UE, do goberno español e da Xunta de Galicia a adopción de medidas inmediatas

3º) Reclamar da UE a promoción activa do fin da guerra.

Polo Grupo Popular, a súa concelleira M^a del Carmen Pérez González sinala que é moi difícil aprobar a moción xa que, diante dun drama humanitario como o que se está vivindo, presentala en termos de ideoloxía marxista leninista é, como pouco, alonxarxe da realidade necesaria que require unha situación de emerxencia como a actual. Non é hora de facer política persoalista senón política con maiúsculas. Foi John Lennon quen rogo *dai unha oportunidade á paz*. ¿Qué é a paz?, pregúntase a concelleira. É pasear polas rúas da túa cidade sen sentir a ameaza terrorista, sinala. É disfrutar da familia sen temer a reacción violenta da túa parella; é descansar no teu fogar sen esperar angustiada o son das bombas; é o respecto, a comprensión e a liberdade, o maior anhelado do individuo". Estas palabras non son dela, sinala, senón unha acertada definición do Presidente Mariano Rajoy.

No ano 2011, estallaron na Siria unha serie de protestas contra o réxime do Rei Bachar al Asad, que desembocaron na actual guerra civil recrudescida na segunda metade do ano 2014 cun enfrentamento entre as faccións rebeldes, e cun enemigo como é o estado islámico coas demais, facendose con territorios nos que o actual goberno perdeu o control. Debido ó desprecio polos dereitos humanos polas faccións combatintes, produciuse unha crise humanitaria que derivou na emigración de seres humanos escapando do terror. España conta desde fai anos cun sistema de acollida a refuxiados que deu resposta ás necesidades de cada momento e que se está reforzando para atender a situación actual. Desde o Goberno central trabállase desde fai meses na xestión desta crise mediante un grupo interministerial formado por representantes de sete ministerios que xestionan o traslado, acollida e integración de solicitantes de protección internacional en constante colaboración con entidades especializadas en atención e integración de refuxiados. Tamén xa se reuniu a Conferencia Sectorial de Inmigración coa participación das CC.AA. e as Federacións de Municipios, intensificando as reunións coas entidades especializadas. En canto aos recursos, continúa a concelleira, xa estaba previsto un incremento das partidas destinadas á acollida e integración de refuxiados no proxecto de lei dos orzamentos xerais para o 2016 e, adicionalmente, en resposta ao agravamento da crise, presentouse no Congreso dos Deputados unha enmenda transaccional á lei dos orzamentos do 2016 apoiada por todos os grupos para reforzar con 200 millóns de euros as partidas destinadas aos solicitantes de protección internacional. Ademais, o pasado 1 de setembro, o Consello de Ministros aprobou un Real Decreto de Medidas Extraordinarias por un total de 13 millóns de euros destinados ás asociacións implicadas na

atención e integración dos refuxiados. Por outro lado, a Xunta de Galicia, anticipándose ás previsións do Goberno central ofreceu unha resposta inmediata seria, solidaria e coordinada desde o primeiro momento con todos os recursos materiais e humanos que se poñen a disposición da administración autonómica, das administracións locais e das entidade de iniciativa social, e coa poboación galega, para ofrecer unha acollida digna das persoas e a súa integración na sociedade. Formouse un grupo de traballo transversal para elaborar un protocolo de actuación cos departamentos de Sanidade, Educación, Benestar e Cooperación, por parte da Xunta de Galicia, así como a FEGAMP, a través da cal está sendo canalizada a realización de ofertas realizadas polos concellos, e as principais ONGs que traballan sobre o terreo e teñen sede en Galicia, como a Cruz Roxa que leva traballando na Siria desde fai tres anos, UNICEF e Cáritas. Paralelamente estase elaborando un programa mais específico de voluntariado que forme parte do protocolo de actuación. Desta forma, das primeiras 300 prazas en residencias e albergues que se estimaron nun principio, tras consultar a disposición e capacidade das entidades locais pode dicirse que a cifra de partida é maior. Así, un primeiro inventario permitiría aumentar o número de prazas dispoñibles ata 900, pero o proceso aínda non está pechado.

Desde o Grupo Popular do Concello estanse facendo xestións para materializar a axuda e integración eficaz e digna ás vítimas de conflitos armados con especial fincapé na guerra civil de Siria. Polo tanto, estamos a colaborar, sinala a concelleira, de forma coordinada para ofrecer unha resposta unificada, conxunta e solidaria; dar prioridade ao diálogo e a cooperación cos países de orixe e tránsito sobre todo para loitar contra as mafias que se lucran cos seres humanos e, finalmente, traballar en conxunto con cantas iniciativas nos permitan lograr a paz e a estabilidade nos lugares de orixe dos refuxiados.

Por esta razón piden unha transacción da moción.

Polo Grupo do PsdeG-PSOE, a súa portavoz, Zaida Auxiliadora Rodríguez Camba, sinala que neste drama que se está a vivir habería que deixar de lado as cores políticas, pero tampouco se pode obviar que este sinsentido que están a vivir os inmigrantes da Siria derivase das políticas retrógradas da dereita europea e, quere dicir con con elo, Angela Merkel e tamén por defecto o Sr. Mariano Rajoy. Pensa que todos terían que estar unidos para facer fronte a este drama, pero non se pode obviar o que todo o mundo está a ver que son as políticas da Señora Merkel e do Señor Mariano Rajoy que son as que están a facer deste drama, xa complicado e difícil por sí mesmo, un drama moito mais duro. E non está para de acordo co que acaba de manifestar a concelleira do Partido Popular porque o Goberno o que fixo foi subirse ao carro na última hora cando todos os grupos estaban a criticar as súas políticas con respecto aos refuxiados e foi entón cando a Señora Sáez de Santamaría saiu a rectificar e pensa que son os partidos da esquerda quen es teñen que tirar do carro para atopar unha solución, posto que os partidos tradicionais de dereitas o único que están a facer é agravar aínda mais o problema.

A continuación ao concelleira do Grupo Popular M^a Carmen Pérez González deu lectura á transaccional, que anunciara anteriormente na súa intervención: solicitan eliminar do apartado dous os termos "políticas de blindaxe", e do apartado tres eliminar "a intervención internacional na Siria".

Intervén a continuación o Sr. Alcalde para sinalar que a verdade é que un pode negar a evidencia pero hai catástrofes humanitarias que teñen que ver cos sunamis ou con terremotos pero eiquí estamos a falar de pobos que tiñan unha convivencia razoable e que por intereses que como ben dí a moción, estratéxicos ou xeostratéxicos, en moitos casos polas propias materias primas existentes nesta zona, primeiro no Iraq e logo en Libia. Pero parece evidente que non se aplica o mesmo criterio nin o raseiro no mundo con outras formas de goberno moito mais agresivas e dictatoriais coa súa poboación e tamén parece evidente como neste drama escenifica a foto do neno morto na praia é sen dúbida a provocada polas intervencións militares na zona con

bombardeos e destrucións. Polo tanto, con respecto ao que se pide na moción de que antes se poña fin a esta intervención occidental con bombardeos por parte de Francia e o Reino Unido e de Estados Unidos que provocaron a destrución destes países ata o punto de que eles teñan que buscar unha saída. O BNG entende ben todos os protocolos e os xestos, pero a realidade é que a estas alturas só está acollida unha persoa, un entrenador de fútbol en Madrid. Non quere facer neste caso demagogia, pero o concello ten ofertado a través da FEGAMP un aloxamento para tres familias, dependendo do perfil que poideran ter; tamén temos expresado o interese en impulsar con outras organizacións e colectivos, en función do perfil das persoas individuais que se podan acoller, tendo tamén obviamente a posibilidade de que o propio Estado non abdique das súas responsabilidades, e tamén a propia Xunta, en relación ás competencias que teñen para financiar e establecer as acollidas destas persoas refuxiadas con dignidade, e desde esa perspectiva porase en marcha por interese humanitario. Pero desde o punto de vista político non hai marxismo leninismo senón a constatación máis evidente do que ten sido a destrución deses países e que teñen causantes específicos e coñecidos que non hai dúbida por qué o fixeron, mesmo están ocupando algún deses países, polo tanto a realidade é a que é aínda que sexa dolorosa, pero o colonialismo existiu, o imperialismo existe, e un país como Siria que recibía turismo hoxe é un país arrasado. Recoñece o Alcalde que a él tamén lle gusta o John Lennon pero a reacción, cando menos, aínda que sexa igual de humanitaria ás persoas que o necesitan, non é a mesmo en relación ás causas que provocaron este drama, e sería moi cínico negar a razón desta situación. Reitera que se está optando máis por políticas de blindaxe que por políticas de acollida.

Con todo, con independencia da causa que provoca esta situación está aberto a que todos aqueles que queiran colaborar, haberá un prazo para que entidades e asociacións e particulares poidan incluírse nesta comisión e desde aí establecer un traballo coordinado e de atención, tendo en conta o perfil das persoas que houbera que atender ou o envío de medios para que poidan paliar esta situación. Polas razóns antes expostas non accede á transaccional proposta polo Grupo Popular.

Concluída a exposición, sométese o asunto a votación co seguinte resultado:

Resultado votación	Votos	Grupo político
SI	8	BNG
	1	PSdeG-PSOE
Abstencións	3	PP

Queda aprobada a moción pola maioría absoluta legal.

9.- Moción do PP sobre a rebaixa do IBI nas parcelas en solo urbanizable.

Da conta da moción o concelleiro do Grupo Popular, José Daniel Rodicio Pérez, presentada nos seguintes termos:

MOCION DO PARTIDO POPULAR DE ALLARIZ SOBRE A REBAIXA DO IBI NAS PARCELAS EN SOLO URBANIZABLE.

Con data do 25 de xuño de 2015 publicouse no BOE a Lei 13/2015 de 24 de xuño , de Reforma da Lei Hipotecaria e do texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, que incorpora entre outras cuestións unha importante modificación na regularización da clasificación e valoración catastral dos solos urbanizables que non dispoñan de determinacións de ordenación detallada ou pormenorizada, para adaptarse ao criterio establecido na sentenza do Tribunal Supremo de 30 de maio de 2014.

A raíz da entrada en vigor desta reforma, a Dirección Xeral do Catastro debe proceder a reclasificar os solos urbanizables incluídos en sectores ou ámbitos delimitados, cando non contén con dita ordenación (plan parcial ou similar). Ditos solos pasarán a clasificarse como solos de natureza rústica e se valorarán tendo en conta o criterio de localización. Trátase pois dun cambio na clasificación dos terreos a nivel tributario , non urbanístico.

Para realizar estas modificacións, que se levarán a cabo mediante procedementos simplificados de valoración colectiva, será necesario que os Concellos aporten previamente toda a información correspondente aos solos urbanizables do seu ámbito que carezan de ordenación detallada.

Neste caso, aqueles Concellos que estean interesados deberán de iniciar canto antes os traballos preparatorios da citada información, para o cal é necesario que se poñan en contacto coa Xerencia do Catastro correspondente ao seu ámbito territorial.

Esta Lei pode ter unha significativa rebaixa no IBI a moitos veciños e veciñas do Concello de Allariz, que agora amparados por esta Lei, poderán ver como pagan impostor polo uso real e actual das súas fincas e non por previsións urbanísticas.

En base ao exposto anteriormente, fórmase a seguinte MOCIÓN, a fin de que o Pleno se pronuncie sobre a mesma e adopte os seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO – Recabar por parte deste concello toda a información previa sobre os solos do Concello de Allariz que se poidan ver afectados por esta lei.

SEGUNDO .- Suministrar esta información á Xerencia Territorial do Catastro.

TERCEIRO .- Que os padróns dos bens inmobles deste Concello estean actualizados coa reclasificación tributaria antes de finais de ano, para que a rebaixa do IBI de urbana a rústica nas fincas afectadas, sexa xa de aplicación no 2016.

*En Allariz, a 17 de setembro de 2015. Asdo: Dña. Luz Doporto Real
(Voceira do Grupo do P Popular no Concello de Allariz)*

Intervén a continuación o Sr. Alcalde para sinalar que, como consecuencia da aplicación dunha sentenza do Tribunal Supremo, o Goberno modificou a Lei Hipotecaria; o concello recibiu o día 28 de xullo as indicacións do Catastro en relación a esta novidade lexislativa e a necesidade de que se procedera á remisión daquelas parcelas que están en solo urbanizable que non teñan un desenvolvemento da ordenación detallada, déronse instrucións aos servizos técnicos municipais para que antes do fin de ano se traslade esta información ao Catastro que ten a competencia para establecer os valores catastrais e facer esta revisión. O grupo de goberno está absolutamente de acordo coa moción porque é un trámite de cumprimento da legalidade. Cree que a finais de outubro se estará en condicións de remitir esta información para que aquelas parcelas que podan

resultar beneficiadas por esta normativa así o fagan no padrón do IBI, polo tanto comparte a proposta e votarán a favor.

A portavoz do Grupo do PsdeG-PSOE expresa por asentimento a súa conformidade non facendo uso do seu turno de palabra.

Concluída a exposición, sométese o asunto a votación, quedando aprobada a moción nos termos presentados, por acordo unánime dos doce concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta corporación local

10.- Rogos e preguntas.

Polo Grupo Municipal do Partido Popular, o seu concelleiro, José Daniel Rodicio Pérez, formula oralmente as seguintes:

10.1 En relación co contrato de aluguer de parcelas con opción de compra pide que se lle facilite a conta exacta do que vai pagar a empresa porque coñecen o valor do conxunto das parcelas, saben cál foi a oferta económica do aluguer, pero non saben o que a empresa pagou polo aluguer das parcelas o 2º e o 3º ano. Tendo en conta que do precio total do conxunto das parcelas hai que descontar o 90% do aluguer abonado durante eses anos necesitaríase saber cál foi o aluguer do 2º e do 3º ano, e por consiguiente, a raíz deso saber a cantidade que finalmente vai abonar pola opción de compra a empresa.

Responde o Alcalde sinalando que se lle contestará por escrito.

Un rogo: O prego de condicións puña que se actualizaría co índice de prezos ao consumo –IPC- do INE, por eso interesa coñecer as cantidades, sinala o concelleiro, porque se se soupera que non hai actualización da renda a conta tiñala feito pero como hai unha actualización conforme ao incremento do IPC o aluguer aboado no 2º e 3º ano non pode ser o mesmo que o inicial.

Responde o Alcalde sinalando que se lle contestará por escrito.

10.2 Como ten habido cambios nas previsións no tema do compostaxe, pois acaba de saír unha noticia recentemente, de que vai haber unha nave para este asunto, e tamén houbo unha redución do número dos composteiros previstos no solo urbano, que pasaron a ser 36, dos corenta e tantos iniciais, e finalmente serán 24, polo que se dixo en prensa, quere saber se se mantén a idea de manter a central de compostaxe no edificio de Iberolacto, anticipándolle o que o PP xa lle dixo ao respecto: que non están de acordo, caso de que se manteña.

Responde o Alcalde sinalando que ao longo deste ano estiveronse buscando alternativas financeiras para que non fora con fondos propios a execución da alternativa de tratamento da materia orgánica e da separación das fraccións do lixo, tanto en embases como en vidro, como en papel cartón, sobre todo no tratamento da fracción da materia orgánica que é a mais pesada e que ten un maior custe no seu envío a SOGAMA. Dese xeito, conseguimos diversos apoios, subvencións: do Fondo de Compensación Ambiental para a adquisición de composteiros e máquina trituradora; da Consellería de Industria unha máquina para o tratamento da materia orgánica procedente da hostelería e do parque empresarial, e incluíse no plan provincial de obras e servizos a construción das illas do compostaxe. Polo tanto, estase actuando de xeito que teña os menos custes posibles para o concello. A través da Reserva da Biosfera tamén temos un plan de

financiación para a sensibilización e accións de posta en marcha desta iniciativa e polo tanto, intentaríase ao longo deste trimestre rematar as instalacións para estar operativos ó inicio do vindeiro ano 2016.

Dentro do que é o tratamento da materia orgánica hai diferentes alternativas: está a utilización tradicional, para elo fíxose unha campaña de sensibilización nos diferentes pobos sobre esta proposta que tivo boa acollida; hai a alternativa de alimentación dos animais, de uso como abono en esterqueiras, de facilitación do compostaxe a través dun composteiro doméstico que o concello facilitará; hai a posibilidade de tratamento en composteiros comunitarios que estarán básicamente no ámbito urbano en Allariz, nestas illas de composteiros, que darán servizo ao conxunto dos veciños para que podan depositar neles a súa materia orgánica, e teríamos finalmente a aula experimental na antiga fábrica de Iberolacto, en convenio coa Universidade de Vigo e coa Universidade da Coruña, así como este tratamento no parque empresarial, nas instalacións municipais do parque empresarial, para esta materia orgánica da hostelería pola alta capacidade que pode ter. Esta é a situación, e polo tanto, fundamentalmente, o que variou foi a búsqueda de financiación por parte do concello para que non sexa con recursos propios a execución deste programa e ter en marcha as instalacións no 2016. No rural en boa medida xa se está facendo pero no ámbito urbano será coa entrega destes composteiros domésticos e coa existencia dos comunitarios e coa recollida porta a porta que o concello fará aos establecementos especialmente produtores para o seu tratamento en chorente na nave municipal ou na central de Iberolacto co criterio que xa se ten comentado.

A pregunta era ben sinxela: se se pretende establecer unha central de compostaxe en Iberolacto, sinala o concelleiro do Grupo Popular.

O Alcalde sinala que lle respostou con amplitude para que o concelleiro teña toda a información e polo tanto a aula experimental en Iberolacto mantense.

E non tendo mais asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, dando por terminada a sesión, ordenou o seu levantamento, ás vinte e unha horas e trinta e cinco minutos do mesmo día do seu comenzo, do que eu, como Secretario, certifico e dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO

PARTICIPACIÓN CIDADÁ

En cumprimento do disposto no regulamento de participación cidadá, abriuse un turno de intervencións entre os asistentes.

Sobre o asunto dos refuxiados, unha veciña sinala que escoitou con atención os pronunciamentos ao respecto e saca dúas conclusións: que o concello está en disposición de acoller a tres familias en colaboración coa FEGAMP, pero quere saber as iniciativas que ten o concello. E con respecto a esa comisión que se vai formar en qué prazo vai estar operativa.

Explica o Alcalde que o concello ten cooperación exterior coas que é mais fácil enviar materiais e tamén financiación para determinados proxectos. Neste caso, a política de inmigración, a

posibilidade de recibir eiquí persoas refuxiadas en condicións dignas non depende exclusivamente dos concellos, mesmo nos parece lóxico que sexa unha competencia do Estado. O Concello de Allariz, como non quere quedarse quieto, localizou tres instalacións municipais que poderían servir para acoller a tres familias, obviamente, estase pensando nas instalacións que se teñen rehabilitado e polo tanto nun perfil rural e mesmo con posibilidades nese ámbito, pero dependerá do perfil das familias que viñeran para ver se teñen encaixe ou non.

A comisión, unha vez aprobada en Pleno, darase o prazo dunha semana para que as entidades, colectivos e persoas interesadas poidan participar e mesmo houbo ocasión de falar con Manuel Garrido, que reside eiquí, e que foi nomeado representante da cooperación galega, para expresarlle que estabamos en disposición de traballar conxuntamente na proposta que se poidera por en marcha pero sabendo que se van ter moitas limitacións en canto á capacidade real de poder suplir con esforzo municipal esta situación. Á FEGAMP remitiuse a dispoñibilidade que antes se fixo mención, para tres familias, tense cumprimentado fichas burocráticas e pouco mais, á espera do que dispoña o Estado porque o concello non ten capacidade de acoller a ninguén que non veña pola vía regulamentaria que lle corresponde ao Estado. A lentitude, aínda que sexa unha situación dramática o que está a suceder, non depende tanto da nosa vontade como dos mecanismos que se están pondo en marcha para facer esta atención. Preténdese escapar da atención de beneficencia e respétase moito a disposición de cada quen para acoller na súa casa persoas pero o mais lóxico é buscar medios públicos, sen prexuízo de que poda haber tamén estas propostas nesa Comisión e se verían, pero é unha obriga do Estado que non debe trasladarse sen mais á sociedade. Do que dependa do Concello estaríamos dispostos a correr co gasto de aloxamento para tres familias pondo a disposición tres aloxamentos, se o perfil das familias fora acaído, nesa Comisión é onde se verían outras formas de colaboración, conclúe.

A participación veciñal concluiu ás vinte e unha horas e corenta e cinco minutos.

O ALCALDE

O SECRETARIO,